

INTERCAMBIOS LINGÜÍSTICOS E CULTURAIS ENTRE ENDL

DESCRICIÓN

Trátase da realización de intercambios que ofrecen ao alumnado a posibilidade de establecer contacto con rapazada doutras realidades lingüísticas, culturais, socioeconómicas e naturais diferentes da súa propia e que costuma rematar nunha xornada de convivio nos centros participantes con visitas de interese cultural, artístico e natural nas vilas en que se localizan os centros educativos participantes. Procura o intercambio de experiencias lingüísticas e culturais e o coñecemento doutras realidades alleas, ao mesmo tempo que se persegue a implicación do alumnado co seu contorno máis inmediato e a valorización dos seus sinais de identidade, nomeadamente o lingüístico.

Os intercambios son fundamentalmente de dous tipos:

a) **entre centros encadrados en vilas de bloques lingüísticos dialectais diferentes** e cun patrimonio distinto para que a actividade resulte enriquecedora tanto a nivel lingüístico como cultural.

b) **entre un centro con alumnado maioritariamente galego-falante e outro con alumnado maioritariamente castelán-falante.** Neste caso o alumnado castelán-falante pode coñecer outros rapaces e rapazas da súa mesma idade e intereses que se comuniquen habitualmente en galego. Téntase superar a imaxe xeneralizada que se ten da lingua galega nalgúns contornos castelán-falantes, onde se vencella o noso idioma ás institucións, a medios de comunicación minoritarios e á xente de idade. Nesta actividade poderán coñecer contornos culturais diferentes ao seu e valorar o noso patrimonio lingüístico.

Estes intercambios procuran a implicación activa do alumnado co seu contorno máis inmediato e a valorización dos sinais da súa identidade, entre eles a lingua. Ademais nos niveis máis altos da educación secundaria e no Bacharelato preténdese motivar e responsabilizar o alumnado pois este adoita ser o responsábel máximo da súa organización e execución (recepción de alumnado, presentación dos lugares de interese, etc.).

Nas aulas de lingua pódese aproveitar para traballar determinadas tipoloxías textuais: a carta, o texto descritivo (descrición persoal e descrición topográfica), o folleto ou tríptico, a guía turística, etc; e o vocabulario de diferentes ámbitos (vocabulario do físico persoal, das actividades do tempo de lecer, o vocabulario do medio físico, o vocabulario da arquitectura, etc). Ademais, trabállanse as competencias lingüísticas activas (escribir e falar), a necesidade de empregar un rexistro culto do idioma nas fases máis formais do intercambio e o potenciamento e o uso da lingua en relación ás TIC.

OBXECTIVOS

- Difundir e valorizar entre o alumnado a realidade socioeconómica e cultural da vila natal.
- Coñecer o patrimonio natural, cultural e socioeconómico doutra comarca do país.
- Recoñecer unha variante lingüística dialectal diferente da propia co fin de poñer en valor a diversidade do idioma e, en consecuencia, a utilidade da lingua estándar.
- Comprobar na práctica e reflexionar sobre as variantes xeográficas da lingua.
- Relacionarse con rapazada dunha realidade social, cultural e lingüística diferente.
- Establecer relacións sociais con rapaces e rapazas da súa idade que se comuniquen habitualmente en galego (no caso de alumnado castelán-falante).
- Traballar as destrezas lingüísticas activas (falar e escribir) e o rexistro culto do idioma.
- Traballar diferentes tipoloxías textuais: o retrato, a descrición paisaxística, a guía, a programación de actividades...
- Potenciar o galego nas TIC e a súa presenza social na rede.
- Compartir experiencias normalizadoras con outros ENDL dos IES participantes (actividades, programas etc).
- Responsabilizar o alumnado do ENDL do traballo do equipo, ao facerse cargo da organización das actividades do intercambio.
- Fomentar o respecto polo outro e partir do coñecemento do diferencial.

DESTINATARIOS

Os destinatarios poden ser:

a) **o alumnado integrado no ENDL.** Pódese entender o intercambio como premio ao seu traballo e así ofrecerlle unha posibilidade de convivencia con rapazada da súa mesma idade e intereses, mais de contornos culturais e lingüísticos diferentes. Ao mesmo tempo poden coñecer o traballo doutro ENDL e ter a oportunidade de partillaren experiencias, así como de comprobar a forma de actuar, de organizar as actividades normalizadoras, etc. do outro centro.

b) **o alumnado dun nivel e/ou grupo.** Neste caso o intercambio realizarase con outro centro, escollendo un grupo cun número similar de alumnado por aula e nivel. O intercambio levarase a cabo **partindo das aulas de Lingua Galega** e pódese aproveitar para traballar as diferentes tipoloxías textuais, vocabulario específico, a integración do emprego das novas tecnoloxías na materia de lingua, etc.

Malia ser o alumnado do segundo ciclo de secundaria e de Bacharelato o que xeralmente está máis implicado nas actividades dos ENDL a modalidade de intercambio pode realizarse, con variacións, en calquera nivel educativo, desde Educación Infantil até Bacharelato.

É unha experiencia moi enriquecedora e educativa para os rapaces que participan, pois débese procurar que se integren activamente no deseño e na realización das actividades. No caso do alumnado dos niveis máis altos de secundaria e de bacharelato débese tentar que sexan eles os que organicen, programen e executen todas as actividades, que poden ir desde a recepción do alumnado do outro centro, até ao mantemento dun blog que recolla a experiencia, a elaboración dun tríptico que conteña o programa da visita, a realización das explicacións no percorrido guiado pola vila e/ou polos lugares de interese cultural, artístico, socioeconómico visitados, etc

TEMPORALIZACIÓN

Todo o curso.

No primeiro trimestre, o alumnado e o profesorado do ENDL, así como os departamentos didácticos participantes na actividade, planifican o intercambio establecendo as súas diferentes fases, un cronograma e os puntos de interese que formarán parte da visita guiada que o noso alumnado ofrecerá ao alumnado visitante. Así mesmo, os dous ENDL porán en común as respectivas planificacións.

A comunicación entre alumnos dos dous centros poderá facerse a través de cartas, de correos, fotologs persoais, blogs, etc durante todo o curso, así como o mantemento de blogues, no caso de se realizaren, e o deseño das restantes actividades que se poidan planificar para apoiar o intercambio (deseño de folletos, trípticos, guías, recollida de toponimia, de literatura

popular, etc.). Os centros participantes determinarán a frecuencia en que se produzan os intercambios (unha carta ao mes, a actualización diaria do blogue, etc.).

O intercambio físico entre os dous centros terá lugar, xeralmente, no terceiro trimestre, cando xa están máis consolidadas as relacións entre os rapaces e rapazas. Este realizarase en dous días, un en cada centro

ACTIVIDADES

O modo de organización do intercambio admite moitas variacións que cada docente pode levar a cabo en función dos seus intereses, dos niveis educativos escollidos e dos recursos materiais e humanos dispoñíbeis en cada centro. Encadradas dentro do intercambio pódense realizar actividades de moi diverso tipo, como as seguintes:

- o Presentación inicial a través de cartas e/ou postais, mediante unha mensaxe electrónica, redactando un post nun blog ou nunha revista dixital do centro, mediante fotologs persoais, mediante a gravación dun video de presentación, etc.
- o Intercambio de felicitacións de Nadal, de debuxos, recomendacións de contos ou traballos sobre algún tema concreto.
- o Envío da gravación dalgunha canción coñecida por cada grupo para que os do outro centro a aprendan, da gravación da lectura dun conto, da lectura dramatizada dun relato, etc.
- o Intercambio de información sobre o concello ou contorno mais próximo a cada escola mediante a elaboración dun Power Point sobre o concello, dun tríptico que recolla o programa do día dos encontros presenciais e explicacións sobre os lugares visitados, realización dunha guía turística, etc.
- o Intercambio de traballos sobre algún recurso literario tradicional propio de cada contorno (lendas, literatura popular, toponimia, manifestacións da cultura oral tradicional, etc).
- o Intercambio de información sobre actividades económicas da contorna, de actividades de lecer (información sobre grupos musicais da zona, clubs deportivos, etc).
- o Realización de fotologs que recollan testemuños gráficos das visitas.
- o Mantemento dun blog que recolla as experiencias da actividade.
- o Creación dunha comunidade virtual para establecer os contactos (redes NING ou similares).
- o Realización de xogos de presentación e de dinámicas de grupo na primeira toma de contacto presencial.
- o Realización de xogos de pistas para desenvolver nos lugares visitados.
- o Lecturas colectivas de textos literarios de autores da vila e comarca realizadas o día da convivencia presencial, etc.

COLABORACIÓNS

Débese procurar integrar no deseño e execución do intercambio a diferentes departamentos didácticos, así como o Departamento de Actividades Extraescolares e a ANPA. Pódese tentar establecer contactos co Concello e con asociacións, fundacións ou outras entidades a nivel local ou comarcal que poidan estar interesadas en participar conxuntamente co centro educativo e que poidan axudar a financiar o custo da actividade.

PAPEL DA CGENDL NA COLABORACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DESTE TIPO DE INTERCAMBIOS

A CGENDL ofrece a través da súa páxina web (<http://www.coordinadoraendl.org/entrada.php>) a posibilidade de que os centros e/ou docentes interesados en realizar esta actividade se poñan en contacto inicialmente para establecer o intercambio. Hai unha sección na súa páxina onde os ENDL interesados en atopar outro ENDL co que partillar a experiencia poden cubrir un formulario cos seus datos.

Así mesmo poderá colaborar ofrecendo asesoramento aos ENDL interesados durante o todo o proceso.

Nestas ligazóns ofrecémosvos exemplos de intercambios realizados entre institutos e colexios de diferentes zonas de Galicia (e non só!):

[Blogue do Encontro entre o IES Agra de Leborís \(A Laracha\) e o IES de Elviña \(A Coruña\)](#)

[Cartas de presentación publicadas na revista dixital Bico da ría do ENDL do IES Félix Muriel \(Rianxo\) que fixeron un intercambio co alumnado do IES Santiago Basanta \(Vilalba\)](#)

[Información sobre o intercambio de cartas no blogue Regueizeiros do CPI Alcalde Xosé Pichel \(Coristanco\) entre o alumnado deste centro e o alumnado de Lingua Galega e de Ciencias Sociais e Xeografía e Historia en lingua galega do IES Europa \(Ponferrada\)](#)